
Boletín 2

15 de setembro – 19 de setembro

Actividades Culturais

Título da actividade Exposición Singulario, Dicionario Visual

Axente que organiza Decanato, Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo

Datas Do 12-06-25 ao 30-09-25


Lugar Facultade de Filoloxía - Escaleiras

Enderezo electrónico de contacto filoloxia.decanato@usc.es,
escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.gal

Descrición da actividade Ilustración fotográfica de termos recollidos no dicionario da Real Academia Galega.

O proxecto está realizado polo estudantado do 1º curso do Ciclo Superior de Fotografía da EASD Mestre Mateo. Trátase dun traballo proposto no módulo Proxectos 1, co que se busca profundar na aprendizaxe da linguaxe compositiva.

Con este soporte final, o dicionario visual, pretenden tender pontes entre a linguaxe visual e a escrita, creando unha única unidade significativa.



Actividades Culturais

Título XI Edición do Concurso Literario Mazarelos

Destinatarias Estudantes de grao, mestrado e doutoramento matriculadas en calquera titulación da USC, persoas investigadoras contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación

Organiza CNL da Facultade de Filoloxía

Datas Entrega de orixinais 25 de marzo – 30 de setembro

Enderezo electrónico filoloxia.decanato@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

Descrición da información

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e de desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuir a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e anímate a participar!

XI Concurso Literario Mazarelos (2025)

1º Premio:
600 €

2º Premio:
500 €

3º Premio:
400 €

Aberto a todo o
estudantado da USC e a
investigadoras/es contratadas/os

Prazo de presentación ata o
30 de setembro de 2025

Información e bases:

ESCANÉAME

ESCANÉAME

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

filoloxia

COMISSION NORMALIZACION LINGÜISTICA USC

XUNTA DE GALICIA

Actividades Culturais

Título da actividade CineFilo: sesión informativa para facer parte da equipa organizadora

Destinatarias Toda a comunidade da Facultade

Axente que organiza Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

Data 23 de setembro de 2025

Lugar Aula C07 (Facultade de Filoloxía)

Horario 17:00h

Enderezo electrónico de contacto proxecto.cinefilo@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social


<https://www.instagram.com/cinefilo.usc/?hl=es>

Descrición En CineFilo estamos sempre abertas a acoller novos membros a nosa equipa organizadora, tan só tedes que falar connosco en persoa ou polos nosos medios de contacto. Así e todo, este ano decidimos organizar unha breve sesión informativa na que explicarvos exactamente en que consiste a organización deste proxecto, as posibles tarefas que poderíades desempeñar e calquera dúbida que teñades ao respecto. A reunión terá lugar o martes 23 de setembro ás 17:00 na aula C07. Estamos abertas á participación de toda a comunidade da facultade, e podedes asistir sen ningún tipo de compromiso posterior! Para calquera pregunta previa a esta data podedes falarnos a través do noso enderezo electrónico ou do noso perfil de Instagram (@cinefilo.usc).



**QUERES FACER PARTE
DA EQUIPA
ORGANIZADORA DE
CINEFILO?**

Sesión informativa
23/09/2025
Martes, 17h
Aula C07
Facultade de Filoloxía



Actividades Culturais

Título da actividade CineFilo, 6º ciclo (set-dec 2025)

Destinatarias Todos os públicos

Axente que organiza Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

Datas 30 de setembro a 9 de decembro de 2025

Lugar Salón de Actos (Facultade de Filoloxía)

Horario Martes, 17:00-20:00h

Enderezo electrónico de contacto proxecto.cinefilo@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://www.instagram.com/cinefilo.usc/?hl=es>

Descrición

CineFilo, o cineclub da nosa Facultade, dará comezo este mes ao seu 6º ciclo de proxeccións, que contará cun total de 7 sesións entre o 30 de setembro e o 9 de decembro. Podedes atopar as datas no noso instagram (@cinefilo.usc), así como tódala información relativa ás persoas convidadas e outros aspectos de cada sesión.

Trátase dunha actividade de balde e aberta a tódolos públicos. No caso das estudantes da USC, a asistencia á meirande parte das sesións (controlada mediante sinaturas) outorga un certificado co que se pode solicitar o recoñecemento de 1 crédito ECTS de carácter transversal (concedido pola Área de Cultura da USC).

CineFilo PRESENTA

6º ciclo (Set-Dec 2025)

30/09



SESIÓN DE CURTAS!

07/10



14/10



28/10



11/11



25/11



09/12

SESIÓN SORPRESA!

CANDO?

Martes
17h-20h

ONDE?

Salón de Actos
Facultade de Filoloxía

PARA QUEN?

Actividade aberta e de balde para o público xeral
Recoñecida con 1 crédito ECTS para estudantes da USC

MÁIS INFORMACIÓN EN INSTAGRAM: @CINEFILO.USC



Actividades/Informacións académicas

Título da información

Cursos en Competencias en Información.

Nivel Básico

Destinatarias PDI e Alumnado

Axente que organiza Biblioteca

Data Do 6-26 Setembro

Lugar Virtual

Horario libre

Enderezo electrónico de contacto

biblioteca.filoloxía@usc.es



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

1 ECTS

**COMPETENCIAS
EN INFORMACIÓN
PARA ALUMNADO
DE GRAO**

NIVEL BÁSICO. 1ª ED.

Quieres aprender a
buscar información
e coñecer cales
son as mellores
fontes?

INSCRÍBETE!

CURSO EN LIÑA

INSCRÍBETE NA SECRETARÍA VIRTUAL. CÓDIGO: BUSC.2526.1
Matrícula: 8-26 setembro de 2025. Inicio e Fin: 1 out.- 5 nov.

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Curso en Competencias en Información. Nivel avanzado

Destinatarias PDI e Alumnado

Axente que organiza Biblioteca

Datas 8-26 setembro

Lugar virtual

Horario libre

Enderezo electrónico de contacto biblioteca.filoloxia@usc.es



USC BIBLIOTECA UNIVERSITARIA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Área ARTES E HUMANIDADES

COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN PARA TFG

NIVEL AVANZADO. 1ª ED.

Vas facer o TFG e non sabes por onde empezar?

INSCRÍBETE!

CURSO EN LIÑA

INSCRÍBETE NA SECRETARÍA VIRTUAL. CÓDIGO: BUSC.2526.5
Matrícula: 8-26 setembro de 2025. Inicio e Fin: 8 out.- 19 nov.

Actividades/Informacións académicas

Luns, **día 15 de setembro de 2025 ás 14.00 horas da tarde**, na aula **D08** da Facultade, terá lugar a **sesión informativa sobre as Prácticas Externas da Facultade**.

O día 12 de setembro de 2025 publicárase a convocatoria no Taboleiro Electrónico.

O requisito principal para concorrer a convocatoria de Prácticas Externas é ter superado **120 créditos** na data límite de presentación de solicitudes.

Na nosa páxina web podedes atopar toda a información relativa ao programa de prácticas:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-filologia/practicas>

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Posthumanist Intimations III: The Limits of Nostalgia

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Axente que informa/organiza Proxecto de investigación “Post-Human Intersections in Irish and Galician Literatures” PID2022-136251NB-I00 en colaboración co iHUS e a Deputación da Coruña

Data 15 de setembro, 2025

Lugar Aula C12, Facultade de Filoloxía

Horario 10:00

Enderezo electrónico de contacto

manuela.palacios@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social <https://irgal.es/>

Descrición da información Encontro coa poeta irlandesa Máighréad Mebdh: lectura comentada de poesía e performance.

LECTURE BY:
MÁIGHRÉAD MEDBH

POSTHUMANIST INTIMATIONS III

The Limits of Nostalgia

SEPTEMBER 15, 2025
10:00
ROOM C12
FACULTADE DE FILOLOXÍA, USC



This activity is part of the i+d+i project
“Post-Human Intersections in Irish and Galician Literatures”
PID2022-136251NB-I00,
funded by MCIN/AEI/10.13039/501100011033/
and “ERDF A way of making Europe”



In collaboration with Deputación da Coruña,
Residencia Literaria 1863
the research group Discourse & Identity (ED431C 2019/01),
Instituto de Investigación en Humanidades da USC (IHUS)



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Presentación da Gramática do galego para checofalantes, de Bohumil Zavadil

Axente que organiza Grupo FILGA


Data 16/09/2025

Lugar Sala académica

Horario 12:00 h

Enderezo electrónico de contacto marta.negro@usc.gal

Descrición da actividade O profesor Petr Čermak, da Univerzita Karlova de Praga, presentará o martes 16 a gramática do galego para checofalantes elaborada polo lingüista checo Bohumil Zavadil.



Petr Čermak

(Universidade Carolina de Praga)

Presentación da Gramática do galego para checofalantes, de Bohumil Zavadil

**16 de setembro, ás 12h, na Sala académica
(primeiro andar)**



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Los corpus lingüísticos y el estudio comparativo de las lenguas

Destinatarias PDI da Facultade e estudantes de grao e máster interesados

Axente que organiza Grupo de Investigación Gramática do español

Data 16 de setembro de 2025

Lugar Sala Académica

Horario 13h-14h


Enderezo electrónico de contacto

mjose.rodriguez.espineira@usc.es

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://gramatica.usc.es/es/events/71>

Descrición Conferencia do profesor Profesor Petr Čermak (Universidade Carolina de Praga)



The screenshot shows the KonText search interface. At the top, there's a search bar with 'kon text' logo and navigation links: Dotaz, Korpusy, Uložit, Konkordance, Filtr, Frekvence, Kolokace, Zobrazení, Nápověda. Below the search bar, it shows 'Korpus: syn2020 | Dotaz: corpus (142 výskytů)'. The main area displays search results in a table-like format with two columns: the search term and its occurrences in various corpora. The search term is 'corpus', and the results show its usage in different contexts, such as 'corpus evangelicorum', 'corpus Hippocraticum', 'corpus solutions', etc.

Search Term	Occurrences
corpus	evangelicorum vnu hlavu. Kalveinská máli dvakrát tolik kurfürských hlav
corpus	, právo na nižm nerušené praktikování náboženství, právo vlastnické
corpus	separatum se týkal plochy přesahující hranice Jeruzaléma. Zahrmoval i
corpus	Hippocraticum. Hippocrates (žil v letech 460 - 370
corpus	solutions. společnost VMware se v srpnu 2008 stala členem
corpus	Christi v Texasu. baltí Carpsovou zastávkou byl New Orleans
corpus	a třídát opodstatněné žádosti, které byly sice vzácností,
corpus	-telo). I zde je kolem většiny institucí
corpus	delicti, korunní důkaz mé správnosti, mého práva vůbec
corpus	delicti KŘÍŽOVNÍK KLÁRA DICOFRIED RIVKA DICOFRIED II Persona non grata
corpus	spongiosum penis. Na druhé straně kontrakce hladkého svalstva penisu
corpus	luteum, inkompletní potrat nebo retrográdní krvácení při menzes
corpus	Christi, Bartolomé de Medina, Juan de Guevara a
corpus	luteum, které po 14 dnech podlehe atřetí. Po
corpus	evangelicorum a jenž jim přinesl významnou podporu poté, co
corpus	F. Poulenca, píseň Z nebe posel vychází Adama
corpus	podané Janet Chesleyovou bylo náhodou přiděleno soudci Frankovi Seayovi jmenovan
corpus	-telo) odráží ostatně archaickou představu, že například
corpus	luris scientifici) a zásady pro usuzování se generují ad
corpus	, pak plodili střízlivosti a žaloby na špatné jídlo,
corpus	: O Ronem to ale bylo jiné. Oficiální oznámení
corpus	delicti KŘÍŽOVNÍK, Tuhle není vhodné místo pro dámy,
corpus	a vydal také několik ústavně pochybných exekutivních příkazů, avšak
corpus	callosus pak skalpelem vedeme řez směrem dolů pozorně velmi pozorně
corpus	tuum i - ale jen nadšeně vytkl i. Pracna
corpus	nubní přítomnost nřálovaného při snučním jednání. Zadržet rovněž nemá
corpus	luteum začne degenerovat a proto klesají hladiny ovariálních hormonů.
corpus	luteální cysty: Corpus luteální cysty se vyskytují méně často

Petr Čermak

(Universidade Carolina de Praga)

Los corpus lingüísticos y el estudio comparativo de las lenguas

16 de setembro, ás 13h, na Sala académica

(primeiro andar)

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade La estética de la última dictadura argentina: artes y etnografía en la encrucijada de las responsabilidades colectivas

Destinatarias Comunidade da Facultade de Filoloxía e USC en xeral

Axente que organiza Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura

Data 18/09/2025

Lugar Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

Horario 17:00--18:00hs.

Enderezo electrónico de contacto

cesar.dominguez@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-estudos-literatura-cultura/web-propia/actividades-extraacademicas>

Descrición da información/actividade

Conferencia inaugural do MELC no curso 2025-2026 polo profesor convidado Mauro Greco (CONICET)

 FACULTADE DE FILOLOXÍA 	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FILOLOXÍA
Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura	
xoves 18 de setembro de 2025 Salón de Graos, 17:00hs. Prof. Mauro Greco (CONICET) La estética de la última dictadura argentina: artes y etnografía en la encrucijada de las responsabilidades colectivas	
Conferencia Inaugural do Curso 2025-2026	

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Presentación do número monográfico 'New Developments in Galician Linguistics' da revista 'Languages'

Axente que informa/organiza Grupo FILGA

Data 18/09/2025

Lugar Salón de graos da Facultade de Filoloxía


Horario 12:00 h

Enderezo electrónico de contacto marta.negro@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

https://www.mdpi.com/journal/languages/special_issues/8109M79HP8

Descrición da actividade Elisa Fernández Rei e Xosé Luís Regueira presentan o xoves 18 'New Developments in Galician Linguistics', número especial da revista 'Languages' do que son editores. No acto estarán acompañados dalgúns dos autores e autoras dos artigos que conforman este volume. Nel preséntase unha mostra representativa do estado da investigación sobre a lingüística galega, incluíndo estudos con metodoloxías innovadoras e liñas de desenvolvemento recentes na lingüística galega.



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade XVII Xornadas CIFEX: Subalternidade e xénero no galego actual

Destinatarias Toda a comunidade universitaria e, en xeral, a cidadanía interesada no futuro da nosa lingua e/ou nas cuestións de xénero

Axente que organiza Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC

Datas 23-24 de setembro de 2025

Lugar Salón de actos da Facultade de Filoloxía (USC)

Horario Día 23 completo (9:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00) e día 24 de mañá (9:30 a 14:00)

Enderezo electrónico de contacto cifex@usc.es

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://cifex.usc.gal/actividade/xornadas> 25



XVII XORNADAS CIFEX

SUBALTERNIDADE E XÉNERO NO GALEGO ACTUAL

23 e 24 de setembro
Facultade de Filoloxía, salón de graos

23 de setembro

- 9:00-9:30. Recepción de asistentes
- 9:30-10:00. Inauguración das XVII Xornadas CIFEX
- 10:00-10:45. Estudar galego con perspectiva de xénero. **Carme Hermida (USC)**
- 10:45-11:30. Lingua, estereotipos e xénero feminino. **Ana Iglesias (UVigo)**
- 11:30-12:00. Descanso
- 12:00-12:45. Así falan eles, así falan elas. **Teresa Moure (CIFEX)**
- 12:45-14:00. Por que a lingüística galega esqueceu o xénero? Mesa de debate. Participantes: **Carme Hermida, Ana Iglesias, Teresa Moure**
- 14:00-16:00. Descanso
- 16:00-18:00. A memoria da lingua. Proxección de documental e debate coa autora. **Andrea Nunes Bríons**
- 18:00-20:00. Bailar cantando. O xénero na danza e nas cancións tradicionais. **Carme Campo e Chus Caramés** (educadoras e mestras de baile tradicional)

24 de setembro

- 9:30-10:00. Recepción e reparto de material de difusión
- 10:00-11:30. **A historia negada: precursoras no activismo lingüístico**
Mesa de debate. Participantes: **Pepa Baamonde** (profesora de educación primaria xubilada), **Pilar García Negro** (profesora da UDC xubilada e escritora) e **Aurora Marco** (profesora da USC xubilada e escritora). Moderadora **Natalia Paleo (CIFEX)**
- 11:30-12:00. Descanso
- 12:00-13:30. **Xénero e futuro da lingua. Mesa de debate. Participantes:** **Celia Armas** (Prof. de Lingua e Literatura galegas e representante de Quereamos Galego), **Natalia Cea** (Prof. UDC e representante das Escolas Semente) e **Hélio Miramontes** (estudante de Filoloxía galega e integrante da comisión de Igualdade da Fac. de Filoloxía). Moderadora **Guadalupe Jiménez Esquinas (CIFEX)**
- 13:30-14:00. Debate co público e clausura.

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Actividade formativa en tecnoloxías da fala cun crédito ECTS recoñecido

Destinatarias Estudantes da USC

Axente que organiza Proxecto Nós (<https://nos.gal/gl/proxecto-nos>)

Datas Todo o curso académico

Lugar Online

Horario Libre

Enderezo electrónico de contacto adina.vladu@usc.gal

Ligazón á páxina web https://ilg.usc.gal/gl/actividades/recollida_validacion_datos_de_voz_galego

Descrición da actividade Esta actividade formativa, ofrecida polo Proxecto Nós en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, presenta un percorrido teórico e práctico de 25 horas polas tecnoloxías da fala en galego. As persoas participantes familiarizaranse coas tecnoloxías da fala en galego, as súas aplicacións e os datos necesarios para o seu desenvolvemento e participarán na recollida de datos lingüísticos a través da gravación e validación de fragmentos de voz en galego na plataforma Common Voice. Finalmente, terán que presentar un informe que reflicta a súa experiencia.

Common Voice é unha plataforma pública de datos de voz alimentada por persoas voluntarias que doan a súa voz e contribúen xulgando como válidas ou non as doazóns feitas por outras persoas. O obxectivo deste proxecto colaborativo é crear grandes corpus de datos orais que poidan ser empregados para adestrar modelos de recoñecemento da fala en galego.

As competencias adquiridas mediante a participación nesta actividade están certificadas pola USC como formación a través do recoñecemento dun crédito ECTS.

proxecto **NÓS**

Recollida e validación de datos de voz en galego a través de Common Voice



Únete e contribúe ao futuro do galego nas tecnoloxías da fala!

Duración: 25 horas

Titulación: Todas

Prazo: 30 días dende a inscrición

Créditos: 1 ECTS


Inscripcións e máis información:



O Proxecto Nós con referencia 2022/PL22/00215.336 está financiado polo Ministerio de Transformación Dixital e polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC



filoloxiausc.bsky.social

@filoloxiausc.bsky.social

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia